

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**5340** *Real decreto 714/2012, do 20 de abril, polo que se modifica o Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.*

A normativa básica que regula en España o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras é o Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, que supuxo unha actualización e unificación de toda a anterior normativa existente en materia zootécnica para as distintas razas gandeiras.

Os recursos zootécnicos e a súa diversidade son o sustento a partir do cal existen e se desenvolven numerosas razas gandeiras, fonte primaria de gran cantidade de produtos alimentarios e dos cales a sociedade demanda calidades que van máis aló da mera achega nutritiva, para avanzar na conservación das tradicións, a cultura e o noso patrimonio xenético.

Un dos piares en que se sustentan as actuacións de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras son os libros xenealóxicos, que ademais de ser un simple rexistro de datos dos animais, son a base arredor da cal se articulan os programas de mellora.

Para levar a cabo o exercicio de supervisión e control dos libros xenealóxicos que corresponde ás administracións públicas, estas delegan a súa xestión nas asociacións de criadores, establecendo as condicións e requisitos para o seu recoñecemento oficial, así como as obrigas a que están suxeitas.

Aínda que é certo que un elevado número de asociacións xestoras para un mesmo libro xenealóxico dunha raza comportaría unha excesiva fragmentación e perda de eficacia na xestión dos libros que podería redundar nunha falta de consistencia na conservación e mellora, feito que podería poñer en perigo a viabilidade de determinadas razas, a Administración está obrigada a servir con obxectividade os intereses xerais para evitar así a creación de situacións que poidan xerar discriminacións na regulación do sector.

Por iso, recoñecendo a posibilidade de que haxa máis dunha asociación que de modo lexítimo pretenda xestionar un mesmo libro xenealóxico, procede a modificación do artigo 10 do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, mediante a cal se eliminan os limiares mínimos de efectivos de animais e número de gandeiros afiliados a unha segunda asociación como condición para conceder ou denegar o recoñecemento desta, tomando en consideración para iso o feito de que non todas as razas están nas mesmas circunstancias no que se refire a censo, número de gandeiros afiliados ou área de distribución xeográfica que, en última instancia, determinan as actuacións que se deben levar a cabo no sentido de lograr a conservación ou o fomento e difusión da raza.

Todo iso sen menoscabo de que o recoñecemento de máis dunha asociación non poña en perigo a conservación da raza ou comprometa a viabilidade do programa de mellora existente e que as asociacións deben cumprir as obrigas e os requisitos establecidos garantindo unha correcta xestión da raza.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2012,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.*

O Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O artigo 10 queda redactado como segue:

«Artigo 10. *Concurrencia de asociacións.*

1. No caso de que xa exista unha ou varias asociacións de criadores oficialmente recoñecidas para a xestión do libro xenealóxico dunha raza, calquera outra asociación que solicite o seu recoñecemento oficial deberá acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 8, as obrigas contidas no artigo 11 e, en calquera caso, deberá respectar a regulamentación específica do dito libro e o programa de mellora, aprobados oficialmente para esa raza.

2. Non obstante o cumprimento dos requisitos anteriores, a autoridade competente denegará o recoñecemento cando este poida poñer en perigo o programa de mellora da raza, ben por falta de conexións á base de datos da raza, ben pola insuficiencia en termos absolutos do censo mínimo necesario para garantir a súa viabilidade ou ben por outros motivos que comprometan o programa de mellora, sempre de acordo coa regulamentación oficialmente aprobada e a situación de cada raza.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE